


# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

## Tempo de verán e ciencias

### Campamentos Aquarium Finisterrae

É tempo de diversión,  
é tempo de conciliar.



**Aberta a preinscrición  
do 23 ao 25 de maio.**

**Máis información en  
[www.coruna.gal/campamentos2022](http://www.coruna.gal/campamentos2022)**

# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

## **INFORMACIÓN CAMPAMENTO AQUARIUM FINISTERRAE**

O Concello da Coruña, a través do Servizo Municipal de Museos Científicos, volve organizar os campamentos científicos no Aquarium Finisterrae onde poderedes realizar actividades relacionadas co mar e os habitantes mariños desta fiestra ao Océano Atlántico.. A proposta é unha combinación única de lecer e ciencia para que pasedes unhas mañás diferentes. Esperámosvos un ano máis!

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

Nenas e nenos de 11 a 14 anos.

## **CALENDARIO**

**Preinscrición:** 23, 24 e 25 de maio.

**Publicación de listaxes de preinscrición:** 27 de maio na web e no 010.

**Reclamacións:** 30 e 31 de maio e 1 de xuño.

**Listaxe definitivo para o sorteo:** 2 de xuño.

**Sorteo das prazas:** 3 de xuño pola mañá.

**Inscrición:** Do 8 ao 10 de xuño.

(Inscrición e pago a través da plataforma do Concello o unhas oficinas do acuario en horario de 8:00 a 15:00).

## **QUENDAS**

3 días de duración por quenda.

**1ª Quenda.** 27 de xuño ao 29 de xuño.

**2ª Quenda.** 4 de xullo ao 6 de xullo.

**3ª Quenda.** 11 de xullo ao 13 de xullo.

**4ª Quenda.** 18 de xullo ao 20 de xullo.

**5ª Quenda.** 26 de xullo ao 28 de xullo.

## **HORARIO**

De luns a mércores de 10.00 a 14:00 horas.

\*Os días festivos non haberá campamento.

## **ESPAZO DE REALIZACIÓN**

Aquarium Finisterrae.

## **Nº PRAZAS**

**60** (12 por grupo e quenda).

## **COTA DE INSCRICIÓN**

29,09 € por grupo e quenda.

## **INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19**

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e outras autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral e territorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

## **ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO**

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

## **+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN:**

**CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS 2022**

**E NOS TFNOS:**

**010 / 981 189842**

**OU NAS OFICINAS DO ACUARIO**